

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº114/ Ano: 2025 / 2º xornal Mes de setembro/ Estado Festa do Marisco

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com




Historia do Lume en Ons. Opinión de Santiago Castroviejo. Páx. 1



Na época sueva, había unha cidade en Ons chamada Aunona. Páx. 2

Os concellos tamén teñen que animar a visitar as illas do Parque. Páx. 1



A que iría Alvarito a Italia? Páx. 3


Un ano máis, o concello de Sanxenxo deixa, case á deriva, as boias de balizamento de praias. Converteranse en micro plásticos? Páx. 5



Interesante labor, do Grupo Ibérico de Anelamento e dos WWF España, que levan realizando dende hai anos. Páx. 4



Unha interesante mañá enogastronómica en Xil, Portonovo e Arra. Páx. 6



Novo libro con páxinas dedicadas a Ons do mestre Arturo Sánchez Cidrás. Páx. 7



O Santuario de Camilo e irmáns na Enseada de Caniveliñas. Páx. 8

A VAGA DE INCENDIOS EN GALICIA

Historia do lume en Ons. Prevención (II)

Recomendo, botar unha ollada á páxina 6 do anterior Onstopus para seguir a liña marcada para defender aos veciños do bulo que lles intentou meter un técnico da administración para agochar a incompetencia contra os incendios de Ons na década de 1980.

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/113/onstopus-113.pdf>

No punto 6 remataba dicindo, que eran importantes as palabras que pronunciou Santiago Castroviejo, naquela xuntanza onde especialistas en diferentes campos estaban na procura de solucións que presentar á administración co tino de evitar o enorme deterioro social, urbanístico e cultural que estaba sufrindo a Illa.


Despois de diferentes intervencións, Fernando M. Sarandeses, arquitecto, que collera a coordinación do grupo, propuxo que os participantes, cada un na súa especialidade, presentara un pequeno traballo sobre a Illa, onde se fixera constar a actual situación en cada eido de estudo e algunha suxestión de futuro para a súa mellora e conservación.

Cando tomou a palabra Santiago Castroviejo, veu dicindo o seguinte: *<Que na súa especialidade, Botánica, o máximo que podería facer nese intre, era entregarlles o estudo que a finais dos 60 s.XX fixera sobre a “Vexetación e a Flora das illas Ons e Onza”, onde daba unha interesante lista de plantas e flores existentes na Illa, aínda a pesares de atoparse case toda a súa superficie dedicada a cultivo e aproveitamento do monte. Comentara que, se querían saber como se atopaba a flora de Ons dende 1980, podería facer unha lista, de menos de medio folio, onde poría as plantas que se adaptan ben ao lume e as que nacen despois deste, pois era o que se ían atopar en Ons neses intre. Como alternativas, acabar cos incendios e dar moito tempo para rexenerar.>*


Coido que o exposto por Santiago Castroviejo naquela xuntanza, demostraba que antes de 1970 en Ons non se produciran incendios, digamos importantes, pois de habelos, habería na súa vexetación constancia deles, motivo polo que, no seu estudo sobre a vexetación de Ons, non o fixo constar.

Un punto máis que demostra a mala intención do técnico, intentando zafar a aciaga xestión dos incendios en Ons, deixando caer o bulo dunha suposta piromanía auniense que lles viña dos seus antepasados.

Que pasou a partir de 1980 para que xurdiran eses incendios estivais? Intentarei ir resumíndoo en seguintes capítulos.



Esquerda: Santiago Castroviejo Bolibar (rgb.csic.es). Dereita: Terras traballadas ao norte do Faro (1966 Colonización)



UN PARQUE NACIONAL ACTIVO

OS CONCELLOS TAMÉN TEÑEN QUE MOLLARSE

Importante iniciativa que tomou o concello de Ribeira con respecto á illa do Parque Nacional que lle corresponde (Sálvora) pois, todos os sábados do mes de outubro, vai organizar visitas guiadas a esta illa co obxectivo de promover o coñecemento e valorar o Parque. Véndena como unha actividade de lecer e de educación ambiental, dirixida aos habitantes de Ribeira, pero tamén doutras zonas que queiran coñecela..

Puxéronlle de nome a este Programa de actividades: “A esencia de Sálvora. De Ribeira ao paraíso”.

Interesante esta actividade, que está dirixida para grupos de 100 persoas en cada quenda, supoñemos que farán grupos de 25 a 50 con guía especializado. Só queda esperar que o **Grupo de Goberno de Bueu** colla a testemuña e organice entre os seus veciños, incluídos os de Ons, e realice actividades na súa illa, que poden estar relacionadas con temáticas diversas como: micoloxía, arqueoloxía, reforestación, apadriñamento de árbores autóctonos, visualización de aves, día do libro de Ons e o Parque, arquitectura popular, toponimia, coñecemento de plantas,...


AUNONA (I)

En todos os meus traballos, artigos e escritos, cando falaba dos veciños de Ons, empregaba os vocábulos: illáns, illeiros, insulares,... Pero estes poderían referirse a calquera veciño dunha illa como a de Ons, polo que, intentei buscar un xentilicio adecuado. Había moitas ideas con referencia a Ons, pero, sabendo que <Ons> procede de AUNIOS tal como a nomeara Plinio el Viejo no seu momento e, cando verdadeiramente quedou constatada a presenza romana en Ons, decidín utilizar a palabra **AUNIENSE** como xentilicio dos veciños/as de Ons.

Así o fixen constar nun dos meus artigos na revista cultural AUNIOS: "*Auniense: Cayo Plinio Segundo, máis coñecido como "Plinio el Viejo", foi un militar e escritor romano. Segundo os estudosos, acompañou ás lexións nas súas conquistas e tomou nota de todo o que era de interese. Tiña unha boa preparación académica e dedicouse a escribir sobre aspectos naturais, históricos e etnográficos. Plinio foi quen primeiro nomeou as illas de Ons coa palabra "Aunios". Cando comprobei que verdadeiramente os romanos estiveron en Ons (polas escavacións arqueolóxicas realizadas nos anos 2021-2022 na Salga Romana e Castro dos Mouros), decidín que os habitantes da Illa de Ons actuais, aínda que non son descendentes directos da ocupación romana, podemos consideralos como tales, polo que a partires de agora nomeareinos como Aunienses en lugar de illeiros, insulares, illáns,..., que poden ser de calquera Illa, sen embargo o vocábulo Auniense fala dun habitante de Aunios (Ons)".*

Hai un tempo, enviáronme unhas cantas páxinas deste traballo de Benito Vicetto no que falan dunha cidade da Illa de Ons, nomeada AUNONA. Pode ser de interese de historiadores o comentar estas páxinas que, en varias entregas, incluirei neste minixornal.

Espero que sexa de interese para investigadores cualificados.



Dende logo, aquela frase que pronunciou unha investigadora sobre Ons: “*A illa, nunca deixará de sorprendernos*”, cada vez ten máis lóxica. Aquí temos tres imaxes:

Na da esquerda, vemos ao noso querido amigo Alvarito, auniense consorte. Resulta que tiña un problema, pois unhas veces desviábaselle ou cargaba de esquerdas e outras desviábaselle ou cargaba de dereitas. Para el iso era un problema que o tiña preocupado, pois sempre foi un home de centro.

Un amigo comentoulle que a solución a tiña en Italia e alá marchou, concretamente á rexión da Toscana e dirixiuse á *Piazza dei Miracoli*, <Praza dos Milagres>, nunca mellor dito.

Pois alá leva días, intentado endereitar a “Pisa”. Esperemos que o logre e o seu problema quede arranxado.

Na do centro, con sombreiro, temos ao actor galego Martiño Rivas que, nunha serie de *atresplayer* de título “Nacho”, interpreta a vida do actor de <cine quente>, Nacho Vidal.

Cando xa comezara a rodaxe, comprobaron que non “daba a talla”, non sabemos se a cinta métrica non media ben ou tivo un baixón de “tensión”, o caso é que decidiron prescindir del, aínda que, como xa tiñan asinado o contrato, os produtores dixéronlle que lle pagarían a metade, sempre e cando, atopara alguén que o substituíra.

Aceptou a idea e foi na procura do seu suplente, e non se lle ocorreu outra cousa que ir buscalo á Illa de Ons. Atopará alí a quen busca? A pregunta queda no airo, como din na Illa.

Na da dereita, temos ao irmán de Pepdemirolaf, MANOLAF, que tamén viña no drakkar, pero, ao pasar Fisterra e debido ao alto grado de **Aquavit** (licor noruegués destilado a base de patacas e cereais, con sabor a comino e anís) e á forte marusía que atoparon neses mares, colleu un mareo completo, coma eeee!!!, e, ao chegar a Ons, aínda estaba “*durmindoo carenaso que collera*”, de aí que non baixara nun primeiro intre, co seu irmán.

Cando xa Pepdemirolaf atopábase no Pirata, á espera do responsable do Parque, apareceu o irmán, e alí quedaron os dous, xunto a Plumix, que pedira uns días de permiso ao xerente do Club de Golf-os, saboreando unhas ol,takk (cervexa en Noruega).

Atoparán os tesouros agochados?



Aquí temos á familia Pardellas-Lubián, que no mes de agosto 2025 achegouse ata Ons para que, o avó Xulio (no centro da imaxe), lle contara ás súas netas, as batallinas que pasou na Illa, alá polo ano 1975, cando por un encargo do Iryda, foi como coordinador dun grupo de licenciados da Universidade de Santiago a realizar un traballo socio-económico-biolóxico deste arquipélago. Pasárono moi ben, o tempo axudou e a comida no Pirata, disque excelente. Haberá que dar fe diso, pola barriga que se lle nota ao avó.

SEGUIMIENTO DE LA MIGRACIÓN DE
LOS PASERIFORMES: Estación de
anillamiento de esfuerzo constante

ACTIVIDADES

- Anillamiento científico de passeriformes
- Recorridos de censo y otras actividades de seguimiento

TURNOS:

- 1 Del 1 al 11 de SEPTIEMBRE
- 2 Del 11 al 21 de SEPTIEMBRE
- 3 Del 21 de SEPTIEMBRE al 1 de OCTUBRE



Seguimiento de la migración de paseriformes en las Islas Atlánticas de Galicia

Grupo Ibérico de Anillamiento



Informe de actividades de investigación
Campaña 2024

*Informe coordinado e redactado por
Miguel de Gabriel Hernando e Isabel Roa
Álvarez, sobre a campaña de 2024.*

O GRUPO IBÉRICO DE ANELAMENTO UN ANO MÁIS NA ILLA DE ONS

Moi interesante o traballo que están a realizar en Ons os membros do **Grupo Ibérico de Anelamento** que permanecen dende primeiros de setembro na illa, atrapando paxaros para o seu estudo e anelamento e así poder levar un seguimento deles e, á vez, obter información doutros que xa veñan anelados. O Parque Nacional ofrécelles a infraestrutura necesaria para ese mes en Ons. Xa nos faciamos eco desta mesma noticia na campaña do ano pasado no Onstopus nº 95, páx. 1, do mes de outubro:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/95/onstopus-95.pdf>

Posteriormente e co fin de ter máis datos sobre este magnífico proxecto, solicitamos ao Parque información sobre el e moi amablemente enviounos Informe de Actividades de Investigación da Campaña 2024.

Dossier moi interesante, en especial para ornitólogos e persoas vinculadas con esa especialidade, e con importante información.

Parabéns para os especialistas e voluntarios que este ano participan na Campaña de 2025 que esta coordinada por Isabel Roa.

Fotos: Realizadas por Varu Camaweí ao que lle permitiron estar presente nunha mañá de traballo.



WWF ESPAÑA

Levan traballando no Parque dende hai 8 anos. Están a intentar identificar riscos crecentes para as aves mariñas. Segundo parece, levan un seguimento de aves e embarcacións, para facer un rexistro de interaccións entre as actividades humanas no mar e as poboacións de aves mariñas, facéndoo coincidir coa maior afluencia de visitantes ao Parque Nacional.

Pretenden con este traballo, elaborar recomendacións de xestión que estean baseadas en criterios técnicos e científicos.

Moi interesante labor, aínda que tamén penso que Parques debería dedicarlle un anaco dos seus presupostos a investigacións históricas e, sobre todo, etnográficas que están a piques de perderse pola falla de estudos científicos.

Pragueira e Major, son dúas praias irmáns do municipio de Sanxenxo, parroquia de Noalla. Están unidas, agás cando hai mareas vivas, e dispoñen das mesmas características.

Membros da asociación cultural PineirÓns, levan anos acudindo a elas tanto no verán como no inverno, pois entre as súas fascinantes singularidades, están as: ornitolóxicas, históricas, naufraxios, etnográficas,..., pesqueiras e turísticas, xa que son unhas praias moi visitadas no verán, posuíndo Bandeira Azul, e durante todo o ano, centos de persoas pasan ao seu carón facendo o **“Ruta do Pai Sarmiento”** e a que deron en chamar **“O sendeiro máximo da Lanzada”**.

Explicáronme que o nome de Pragueira pode vir pola abundancia de pargos (peixe carnoso e moi apreciado en cociña) e que Major, posiblemente veña de que, hai moitos anos, viviu aquí un Maior Inglés do que pode vir o seu nome, aínda que o tema dos topónimos deixarémolo para os lingüistas.



Praia de Major ao fondo, e Pragueira onde se atopa a boia solta.



Arriba: Boias pequenas soltas no 2023.

Abaixo esquerda: Como estaban as boias pequenas cando viñeron a quitar a última grande **19/09/2025**.

Abaixo dereita: Como seguen as mesmas boias pequenas a **1/10/2025**.

Como xurda unha marusía, en que se converteran esas boias?

Pois ben, con moi bo criterio, dende o concello de Sanxenxo, chegado o verán, colocan unhas boias grandes, para delimitar o navegar das embarcacións e separalas da praia evitando así posibles accidentes, e unhas pequenas, nun lugar adecuado, para a entrada e saída de todo tipo de embarcacións e mesmo bañistas cara á praia ou fóra dela.

Segundo parece o concello de Sanxenxo contratou ese servizo cunha empresa, que coloca as boias a finais de xuño e, debería quitálas, a mediados ou finais de setembro, co comezo do curso escolar, pouca afluencia de bañistas e comezo de temporais e marusías.

PineirÓns, detectou varios fallos neste servizo e púxoo en coñecemento do concello por email e pola prensa.

Hai tres ou catro anos, houbo unha pequena marusía a finais do mes de xullo, que provocou que as boias pequenas, de entrada de embarcacións, se amontoaran formando unha piña, quedando ese importante servizo sen efecto.

Coidamos que a empresa concesionaria ou o concello, solucionarían ese problema (na praia hai un grupo de socorristas que, aínda que non sexa o seu cometido arranxar ese tema, si poderían dar aviso ao concello para solucionalo) pero así estiveron todo o verán.

Máis grave foi ao ano seguinte, que chegado setembro non retiraron as boias, grandes e pequenas, e cos temporais e marusías, soltáronse e foron dar a praia, algunhas enteiras e outras en anacos, que, de tanto petar contra as rochas, eses plásticos se foron convertendo en microplásticos, que todos sabemos como afectan aos animais mariños e a nós posteriormente.

Este verán 2025, podemos dicir, que o tempo foi espléndido e que non houbo temporais e marusías. Tamén temos que sinalar, que a nova empresa concesionaria, a mediados de setembro, comezou a retirada das boias grandes, pero deixou as pequenas, que cun pouco de movemento do mar que houbo, amoreáronse. Non viñeron a quitálas, e así levan case dúas semanas, ata que un temporal as esnaquice contra as rochas e se volvan microplásticos.

Esta infracción ecolóxica, será cousa da concesionaria, pero se non a resolve, o responsable subsidiario é o concello de Sanxenxo.

Polo que PineirÓns puido comprobar, pronto teremos un bo número de microplásticos ciscados polas praias de Major e Pragueira.

Onde están os ecoloxistas?

E a oposición de Sanxenxo, non ten nada que dicir?



Na de Abel. Angustias. Xil

Así comezou o día 21 de setembro, achegándose á parroquia de Xil, e máis concretamente ao lugar de Broullón, onde se atopa á **Capela das Angustias**, que celebraba as súas festas. Ao seu carón está a **Taberna de Cancela**, aínda que nós coñecemos como “**A de Abel**”, polo nome do seu dono, que posúe unha interesante bodega de viños, entre os que destaco o seu albariño. Alí acompañado da banda de música de Meaño, estiven saboreando un magnífico albariño co seu correspondente pincho.

Entre os pinchos cos que agasalla aos seus clientes, quero destacar o típico de: ovo frito con pan de millo, pero que, curiosamente, o sirve nunha cuncha de vieira, enxeñoso.



Capela das Angustias. Á dereita, a Taberna de Abel.



Seguidamente, dirixínome a Portonovo, pois estaba a se celebrar a <**Festa da Empanada Mariñeira**> e fora convidado por Manolo Cabada a participar nunha Maridaxe de empanada e viño. O recinto da Lonxa, onde se celebraba a festa, estaba a sobordar, e podíase degustar un bo número de empanadas, todas con produtos mariñeiros de PescadeRías. Sen embargo notei en falta a presenza dalgún restaurante de **Ons**, aínda que o entendín, pois, un tiña o compromiso dunha voda na Illa, concretamente no Faro, dun fillo dun fareiro. Outro pechara a tempada, e o terceiro, debe ter a exclusiva da súa típica empanada de millo o restaurante-barco de Silgar-Sanxenxo dirixido por Roberto Vilar. Unha pena. Sobre as 13 h., arrancou a maridaxe. Cabada presentou ao sumiller Miguel A. Besada propietario do Restaurante <A Curva> de Portonovo e este deunos, durante case unha hora, unha magnífica charla sobre os viños que íamos a degustar, dous da mesma bodega “**Adega Forxas do Salnés**” e outro da “**D.O. Rías Baixas**”.

Principiamos cun tinto da **Finca Genoveva** de 2022, maridándoo cunha empanada de congro. Logo das conseguíntes explicacións de Miguel, pasamos a outro tinto, desta vez un tinto **Goliardo**, tamén de 2022, cunha empanada de raia. E finalmente, rematamos cun branco albariño **Cíes** de 2024, que o maridamos cunha empanada de xoubas.

Todo verdadeiramente exquisito cunha magnífica posta en escena.

Fotos: Miguel A. Besada e Manolo Cabada, nas súas disertacións.

E para darlle remate á mañá enogastronómica que levabamos, dirixímonos á bodega do restaurante **Zulema**, en Arra, co fin de saborear o seu excelente espadeiro ou albariño, segundo preferencias, antes de ir xantar a casa.

Cal foi a nosa sorpresa, cando alí aparecen, **Juan Castiñeiras** (experto micólogo e gran cociñeiro) e Antonio Bugallo (Tamén cociñeiro de Terra de Montes) que, despois de pedir permiso a Fernando, dono do Zulema, prepararon uns **Boletus Edulis**, cortados en xuliana e regados con aceite de oliva virxe extra, pementa e sal. Aínda que mentres, Antonio, puxo sobre a mesa uns excelentes chourizos da súa terra acompañados cun pan de Tenorio.

Verdadeiramente extraordinario, unha delicatense, pura ambrosía.

O viño para acompañar, escollemos un espadeiro.

Non se podería pedir máis á mañá.






Na foto de arriba, veciños aunienses, aunienses de adopción e amigos, todos xuntos despedindo o verán 2025 no restaurante Pirata o día 14 de setembro.

Na de abaixo, xogando a última partida do verán, o día 23 de setembro de 2025.



OS INFINITOS «ONTE» DA PALABRA «HOXE»

(Intrahistoria de BUEU)



Arturo Sánchez Cidrás

Os infinitos <<Onte>> da palabra <<Hoxe>>

Ultimo libro do polifacético cronista de Bueu, Arturo Sanchez Cidras. Está organizado en nove bloques que nos introducen na historia de Bueu con elementos políticos, culturais, sanitarios,..., dedicándolle o último deles a “*Cousas da Illa de Ons*”.

Sobre Ons, e antes de chegar ao seu capítulo, atopamos pequenas anécdotas na páx. 44 referida aos 180 anos de pertenza ao concello de Bueu. Na 194 sobre a venda de polbo da Illa en Lisboa no ano 1554. Na 195 citando a Álvaro das Casas na súa visita a Ons. Na 203 con temática referida á recollida e venda de algas na illa. E na 258 dedicada a Stafant Mörling.

E xa na páxina 355 e ata a 381, atoparemos unha serie de noticias e anécdotas desta Illa, saídas en diferentes periódicos e recollidas de arquivos. Unha obra moi interesante, tanto no referido á Illa de Ons, como a Bueu en xeral.

DÍA DO LIBRO DE ONS

Aproveito a nova sobre a edición deste magnífico libro para, de novo (xa o fixen en anteriores Onstopus), reivindicar que tanto en Vigo (Centro de Interpretación do Parque Nacional), en Bueu (buscando unha sala adecuada) ou na Illa de Ons (no seu Centro de Visitantes), se realice unha Actividade dedicada a Exposición de Libros, Revistas, Traballos, Documentais,..., sobre a Illa de Ons, de xeito particular, podendo ampliala a todo o Parque Nacional. Dedicar un **DÍA do LIBRO ou das LETRAS de ONS** para dar a coñecer a importancia socio-histórico-etnográfico-natural deste arquipélago e con iso fomentar o seu estudo e investigación sobre as súas interesantes peculiaridades, dun xeito técnico e científico. Sabemos que só se defenderá e protexerá, aquilo que se coñece.



ONS NA MEMORIA

No barrio de Pereiró, intentando preparar as súas terras, vemos á siña Rosa, a que fora parteira de Ons e muller de Cachote, único carpinteiro de ribeira que houbo en Ons, e á súa filla Rosiña.

Canto traballo teñen que pasar para poder sacar froito das súas terras, agora que non hai animais nin poden pensar en ter maquinaria adecuada.

Cantos aunienses volverían a traballar as terras de Ons, se Parques lles puxera á súa disposición un pequeno tractor.



SANTUARIO DE CAMILO E IRMÁNS

Camilo, xunto con Manoliño Reiriz (Perrenco) foron dous rapaces cos que entronquei na illa dende que cheguei, fai 50 anos.

Pronto se nos foron. Unha grande perda, pero seu recordo non se me quitará nunca da cabeza. No mes de xullo, un dos asiduos a Ons, pasoume estas dúas fotos do Santuario de Camilo e Irmáns que se atopa na máxica Enseada de Caniveliñas.

Cando faleceu Camilo, todos os seus amigos de Camawei, choraron a súa perda. Deseguido, non dubidaron en facerlle unha homenaxe na Illa, e dende Curro, e ao son das gaitas, levaron as rochas a onde el, xunto cos seus compañeiros, ían a miúdo a ver o solpor, á Enseada de Caniveliñas.

Alí fixeron o seu Santuario, no cantil, onde ninguén pode achegarse. Choto tallou esas pedras e Varu deulle a cor carruaxe (cor vermello que aporta elegancia e ardor).

Por desgraza os seus irmáns, Arturo e Juan, tamén faleceron mozos e os camawuaianos, non dubidaron en que os acompañaran no seu leito. O que si botan en falta nese espazo, son recordos a prol de grandes Camawuaianos, como Peter e Maracaibo.

FARO de ONS



Liberamos un berro de esperanza,
á espera de que esta Atalaia Atlántica,
acade o seu obxectivo:

SER UN GRAN CENTRO CULTURAL.